



CERTIFICACIÓN

Rocío Hermida Cancela, agás erro ou omisión involuntaria,

CERTIFICO:

Que o día 23-06-2023 ditouse a Resolución de Alcaldía 554/2023 cuxo contido deseguido transcribo:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN SUMINISTRO CT404E 2023 PARA LA DOTACIÓN Y MEJORA DEL MATERIAL TÉCNICO DEL AUDITORIO BALDOMERO CORES (FONDOS NEXTGENERATION EU Y DEL MECANISMO DE RECUPERACIÓN Y RESILENCIA DEL REGLAMENTO UE 2021/241).EXPEDIENTE Nº 2023/C005/000002.

EXPEDIENTE DECRETO: 2023/G003/000599

ANTECEDENTES:

Considerando o expediente tramitado ao efecto así como a seguinte documentación, que obran no mesmo:

Informe técnico de necesidade.
Concesión subvención.
Informe non división en lotes.
Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.
Prego de Prescricións Técnicas.
Retención de crédito.
Informe xurídico favorable.
Informe de fiscalización de conformidade con salvedades.
Análise previa de riscos no expediente.

Visto que o artigo 10 da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, literalmente di:

“1. Os órganos superiores poderán avocar para si o coñecemento dun ou varios asuntos cuxa resolución corresponda ordinariamente ou por delegación aos seus órganos administrativos dependentes, cando circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial fágano conveniente.

Nos supostos de delegación de competencias en órganos non dependentes jerárquicamente, o coñecemento dun asunto poderá ser avocado unicamente polo órgano delegante.

2. En todo caso, a avocación realizarase mediante acordo motivado que deberá ser notificado aos interesados no procedemento, se os houber, con anterioridade ou simultaneamente á resolución final que se dite.

Contra o acordo de avocación non caberá recurso, aínda que poderá impugnarse no que, no seu caso, interpoñase contra a resolución do procedemento.”

Considerando que de conformidade co Decreto de delegación de competencias na Xunta de Goberno Local, se establece a sesión ordinaria para o 1º e 3º martes de cada mes, coincidindo a



constitución da mesma o martes 4 de xullo de 2023, para adxudicar o contrato en prazo é necesario avocar a comeptencia delegada.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación de réxime local, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- AVOCAR por razóns de índole técnica, eficacia e eficiencia administrativa, para adxudicar o contrato en prazo, a competencia delegada na Xunta de Goberno Local, en relación a este acto co asunto de referencia, e dado que a constitución de dito órgano está prevista para o martes 4 de xullo de 2023.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación Nº 2023/C005/000002: Contratación suministro CT404E 2023 para la dotación y mejora del material técnico del auditorio Baldomero Cores (Fondos Nextgeneration EU y del Mecanismo de Recuperación y Resiliencia del reglamento UE 2021/241).

TERCEIRO.- Aprobar o PCAP e PPT que rexerán na contratación.

CUARTO.- Proceder á publicación en PLACE desta licitación

Notificarlle a presente resolución aos interesados, con indicación expresa dos recursos a interpor, e darlle conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que realice.

En CEE, na data da sinatura electrónica.

A alcaldesa, *Margarita Lamela Louzán*

A secretaria, *Rocío Hermida Cancela*

[Documento asinado electrónicamente]"

Para que conste, asino a presente certificación co visto e praxe da Alcaldesa.

En CEE, luns 26 de xuño de 2023

Asinado dixitalmente á marxe.